

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O VINTE E DOUS DE MAIO DE DOUS MIL DEZANOVE.**

En Paradela, a vinte e dous de maio de 2019

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial, sendo as trece horas e dez minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en sesión extraordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup> SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO
- D. DIEGO LÓPEZ CALDAS
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> MONTSERRAT MULET SAR
- D<sup>a</sup> ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. MARTÍN LÓPEZ LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. JESÚS PABLO LÓPEZ GONZÁLEZ

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

**1º.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O VINTE E OITO DE MARZO DE 2019 E DAS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS CELEBRADAS O DOUS E VINTE E NOVE DE ABRIL DE 2019.**

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar ao borrador da acta da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 28 de marzo de 2019 e das actas das sesións extraordinarias celebradas o dous e o vinte e nove de abril de 2019; das que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación dos borradores das actas da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 28 de marzo de 2019 e das actas das sesións extraordinarias celebradas o dous e o vinte e nove de abril de 2019. O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos nove Concelleiros que asisten á sesión (sete do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal do Partido Socialista), sendo este o seu número legal de membros.

**2º.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE XUÍZ DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO DO XULGADO DE PAZ DE PARADELA.**

Consta no expediente a seguinte proposta de Alcaldía:

*Con data 22 de marzo de 2019 ten entrada no Rexistro do Concello (Rex. E-RC-215) comunicación do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia co fin de que se inicie un novo expediente para elixir xuíz titular e substituto no prazo de tres meses, ao estar próximo a vencer o período -catro anos- polo que se nomeou xuíz de paz titular e*

substituto.

*En consecuencia e por Providencia da Alcaldía de 29 de marzo de 2019 deuse inicio ao procedemento de selección de xuíz de paz titular e substituto do Concello.*

*No núm. 079 do Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de data 5 de abril de 2019, publicouse o anuncio do Sr. Alcalde do Concello de Paradela, polo que se abría un prazo de quince días hábiles para que as persoas que estivesen interesadas e reunisen as condicións legais, solicitasen ser nomeadas Xuíz de Paz, titular e substituto, por escrito dirixido á Alcaldía.*

*Simultáneamente remítiuse tamén anuncio para a súa correspondente publicación ao Xulgado de Paz do Municipio e ao Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción de Sarria, de conformidade co disposto no artigo 5 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz.*

*Desenvolvida a fase de información pública durante o prazo comprendido entre o 8 e o 30 de abril de 2019, ambos inclusive, presentáronse os seguintes candidatos por orde de rexistro:*

*- D. Manuel López López, (Rexistro entrada nº E-RC-296 data 24.04.19).*

*- D. Domingo González González, (Rexistro entrada nº E-RC-297 data 24.04.19).*

*Os candidatos declaran nas súas solicitudes ser persoas capaces para o exercicio do cargo sen que concurra neles causa de incompatibilidade.*

*Visto o manifestado con anterioridade e o informe proposta emitido pola Secretaría-Intervención, o Alcalde-Presidente, propón ao Pleno:*

*PRIMEIRO.- Nomear a D. Domingo González González coma Xuíz de Paz titular e a D. Manuel López López, coma Xuíz de Paz substituto.*

*SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo xunto cunha copia do expediente completo ao Xuíz de Primeira Instancia e Instrucción de Sarria para os efectos previstos no artigo 101.3º da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo do Poder Xudicial e artigo 7 do Regulamento 3/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.*

*Paradela, na data da sinatura electrónica á marxe O Alcalde-Presidente José Manuel Mato Díaz”.*

*Procédese á votación da proposta, que resulta aprobada pola unanimidade dos nove Concellerios que asisten á sesión (sete do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal do Partido Socialista), sendo este o seu número legal de membros.*

### **3º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL N.º 2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO EN DOUS ÁMBITOS DO SOLO URBANO DE PACIOS - PARADELA.**

*Consta no expediente a seguinte proposta de Alcaldía:*

*Vista a necesidade da Modificación puntual n.º 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal en dous ámbitos do solo urbano de Pacios – Paradela, cuxo obxecto é o reaxuste puntual de dous ámbitos de solo urbano, resolvendo os erros ou as variacións por circunstancias sobrevidas do sistema de equipamentos; presentouse polo Concello o borrador do plan co contido necesario para a súa análise urbanística e o documento inicial estratéxico ao órgano ambiental, de conformidade co artigo 60.3 da*

*Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.*

*Visto que en data 30 de abril de 2019 ten entrada no Rexistro do Concello (2019-E-RC-333) a Resolución do 10 de abril de 2019 con entrada no Rexistro do Concello e (2019-E-RC-333) da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, polo que se formula o informe ambiental estratéxico e resolve **non someter ao procedemento de avaliación ambiental extratéxica ordinaria, xunto cos informes da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo; do Instituto de Estudos do Territorio; da Axencia Galega de Infraestruturas; da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de Lugo.***

*Visto que o 14 de maio de 2019 no Diario Oficial de Galicia núm. 91 publicouse pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda o Anuncio de 11 de abril de 2019, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, no que se fai público o informe ambiental estratéxico da modificación puntual n.º 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Paradela en dous ámbitos do solo urbano de Pacios, concello de Paradela (expediente 2019AAE2288; código 2164/2019).*

*Vistos os informes técnicos e xurídicos sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente.*

*Visto o informe de Secretaría e de acordo co disposto nos artigos 22.2.c) e 47.2.II) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o Alcalde-Presidente, **PROPÓN** ao Pleno da Corporación:*

**Primeiro.-** *Que se aprobe inicialmente o proxecto de Modificación puntual n.º 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal en dous ámbitos do solo urbano de Pacios - Paradela nos termos que constan no expediente.*

**Segundo.-** *Que se abra un período de información pública por un prazo de dous meses, mediante un anuncio no Diario Oficial de Galicia e nos xornal La Voz de Galicia. Durante ese período o expediente quedará á disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se consideren pertinentes.*

**Terceiro.-** *Que se suspenda o outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente. A duración da suspensión é de dous anos máximo contados desde a devandita aprobación, e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva da modificación do planeamento.*

*As áreas afectadas pola suspensión son as seguintes:*

*As determinacións previstas na presente Modificación inciden unicamente no cambio de cualificación do solo urbano, nos ámbitos 1 (parcelas catastrais 27042A01000224, 7361001PH1376S, 7361003PH1376S, M00400500PH13F e 7361002PH1376S) e ámbito 2 (referencia catastral 7460010PH1376S0001AS), segundo o indicado nos planos 1 e 2 da Modificación puntual e do resumo executivo.*

*Esta suspensión publicarase conxuntamente coa aprobación inicial.*

**Cuarto.-** *De conformidade co apartado 7 do citado artigo 60 da Lei do Solo, dar traslado do expediente ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal realizará as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico.*

**Quinto.-** Que se soliciten, ao mesmo tempo que se realiza o trámite de información pública, de acordo co establecido no Anexo II do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, os informes sectoriais na tramitación dos instrumentos de planeamento que tras a aprobación inicial e en todo caso e cando afecten ao despregue das redes públicas de comunicacións electrónicas, son:

- Informe da Delegación do Goberno en base á Disposición adicional segunda da Lei 13/2003, de 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, artigo 5 da Lei 34/1998, de 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, artigo 5 da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, e artigo 68 do Real decreto 1434/2002, de 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.

- Informe de Confederación Hidrográfica: artigo 25.4 do RDL 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, e artigo 22.3 do RDL 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.

- Informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo: art. 35 da Lei 9/2014, de 9 de maio, de Telecomunicacións.

**Sexto.-** Notificar o presente acordo á Consellería de Facenda segundo o artigo 101 da Lei 15/2011 de Patrimonio da Comunidade Autónoma e ao Ministerio de Economía e Facenda, Delegación Provincial, segundo o artigo 189 da Lei de Patrimonio e Administracións Públicas.

Procédese á votación da proposta, que resulta aprobada pola unanimidade dos nove Concellerios que asisten á sesión (sete do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal do Partido Socialista), sendo este o seu número legal de membros.

#### **4º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2018.**

Abre este punto da orde do día o Sr. Alcalde manifestando que a Conta foi informada pola Comisión Especial de Contas, expúxose ao público no prazo legalmente establecido sen que houbera alegación algunha, quedando por parte da Corporación o trámite de aprobación, polo que se somete a mesma ao Pleno.

Sen que se produza debate algún e sometida a votación ordinaria, o Pleno pola unanimidade dos nove Concellerios que asisten á sesión (sete do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal do Partido Socialista), sendo este o seu número legal de membros; acordou:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2.018 nos termos e coa documentación que consta no expediente.

**SEGUNDO.-** Render a Conta Xeral ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas do Estado, nos termos previstos na normativa aplicable.

**5º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 10/2019, SEGUNDA BAIXO A MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA A APLICACIÓN DO SUPERÁVIT ORZAMENTARIO PARA INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES.**

Consta no expediente a seguinte proposta de Alcaldía:

*En relación co expediente relativo á aprobación de modificación de créditos núm. 10/2019 do orzamento en vigor, primeiro na modalidade de suplemento de crédito para a aplicación do superávit orzamentario para investimentos financeiramente sostibles, vistos os informes de Secretaría-Intervención emitidos en data 14 de maio de 2019.*

*Ao abeiro da Memoria que forma parte do expediente na que se fai constar o seguinte:*

*Segundo a Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, introducida pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, habilita ás Corporacións Locais para aplicar o superávit orzamentario xerado no exercicio anterior, e dado que o Concello dispón de remanente líquido de Tesouraría, faise precisa a modificación de créditos núm. 10/2019 do orzamento municipal en vigor, de acordo coa seguinte xustificación:*

**1º.- Obras de creación dun viveiro industrial de empresas no parque empresarial de Paradela, aportación municipal por importe de 272.305,14 euros.**

*Vista a Resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 02.04.2019 pola que se conceden 240.000,00 euros para a creación dun viveiro industrial de empresas no parque empresarial, ao abeiro da Orde do 18 de decembro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións destinadas á creación de viveiros industriais de empresas en parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Visto o proxecto presentado polo Concello, que eu lugar ao outorgamento da citado subvención, e que o orzamento ascende a 512.305,14 €, resulta necesario dotar crédito por 272.305,14 euros.*

*A obra que se pretenden realizar ten unha vida útil superior aos cinco anos e non supón unha inestabilidade orzamentaria en exercicios futuros, xa que o edificio será obxecto de aluguer por parte do Concello e percibirá pequenos ingresos e non se producirán gastos.*

*O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal (artigo 25) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), mediante o acollemento de empresas coa finalidade ofrecer a través de cesión temporal un espazo físico equipado para o funcionamento de negocios e contribuír á creación e funcionamento de iniciativas económicas que potencien e diversifiquen o tecido empresarial, xerando riqueza e emprego na localidade”.*

*O Alcalde-Presidente, propón ao Pleno da Corporación:*

**PRIMEIRO.-** *Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 10/2019 do orzamento en vigor, segundo baixo a modalidade de suplemento de crédito para a aplicación do superávit orzamentario para investimentos financeiramente sostibles, financiado con cargo ao remanente de tesouraría para*



gastos xerais, por un importe total de 272.305,14 €.

Os importes aplicados aos diferentes destinos, con base no informe de Intervención, son:

Altas en aplicacións de gastos:

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Euros
422	609	Actuacións de carácter económico. Industria. Inversións reais. Outras inversións novas en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral. “Nave destinada á creación de viveiro industrial de empresas no parque empresarial de Paradela”	272.305,14 €
<b>TOTAL GASTOS</b>			<b>272.305,14 €</b>

Financiación

Concepto	Descrición	Importe Euros
870.00	Remanente de tesouraría para gastos xerais	272.305,14 €

**SEGUNDO.-** Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinarlo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

**TERCEIRO.-** O acordo de aprobación definitiva e o resumo por capítulos da modificación de créditos publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

Procédese á votación da proposta, que resulta aprobada pola unanimidade dos nove Concellerios que asisten á sesión (sete do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal do Partido Socialista), sendo este o seu número legal de membros.

**E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do vinte e dous de maio de dous mil dezanove, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.**

**Visto e prace  
O Alcalde**

**O Secretario-Interventor**